

Da "razón vital" de Ortega y Gasset á "razón poética" de María Zambrano

1.- CONTEXTO

1.1.- Socio-histórico

O século XX resulta especialmente convulso no Estado Español. Tras fracasar a ditadura de Primo de Rivera (1923-1930), Alfonso XIII convoca eleccións e, contra todo prognóstico, os partidos republicanos impóñense en todas as grandes cidades e capitais de provincia. A consecuencia é o exilio da monarquía e a proclamación da 2ª República (1931). Isto devolve a esperanza a moitos intelectuais de esquerda que ven a posibilidade de materializar todas as reformas legais e sociais que anelaban para construír un país máis moderno e máis culto.

Pero a sublevación franquista de 1936 acaba con a república e con todas esas ilusións. O alzamento do dictador desencadea unha sanguenta guerra civil que durará tres anos e rematará ca vitoria do ditador. Isto provoca o exilio a Francia ou América, de todos os filósofos, escritores e intelectuais disidentes. Entre estes filósofos están: José Ortega y Gasset, María Zambrano, José Gaos, Julián Marías e moitos outros. O desexo de estes pensadores de renovar a vida intelectual española como paso previo á renovación política e social, verase truncada.

1.2.- Filosófico: a Escola de Madrid

A escola así chamada, nace na Facultade de Filosofía y Letras da Universidade de Madrid, en 1914 grazas a Ortega e os seus seguidores. Pretendían modernizar e europeizar o pensamento filosófico da península. A difusión do pensamento filosófico se fixo a través da facultade pero tamén de charlas e artigos publicados en revistas como: *O Espectador* e *Revista de Occidente*.

A escola ten tres influencias:

- A filosofía alemá: neokantismo e a fenomenoloxía de Husserl
- Os escritores da "Generación do 98" en especial Unamuno
- A filosofía de Ortega que será a inspiración dos demais

Que pretendía a Escola:

- Modernizar o Estado Español que vivía un atraso económico, social, cultural e políticos
- Abrir a filosofía española a Europa e conectala ao pensamento contemporáneo no que estaba instalado o resto do continente.

2.- JOSÉ ORTEGA Y GASSET

2.1.- Biografía

Fillo do xornalista José Ortega Munilla, nace en Madrid en 1883. Cursou os seus estudos secundarios no colexio de Miraflores do Pau (Málaga) e os universitarios en Deusto e Madrid,

en cuxa universidade doutorouse. Entre 1905 e 1908 completou os seus estudos en Leipzig, Berlín e Marburgo, onde asiste aos cursos neokantianos e entra en contacto coa fenomenoloxía de Husserl. De volta ao Estado Español, foi catedrático de metafísica na Universidade de Madrid entre 1910 e 1936. Fundou a *Revista de Occidente* (1923-1936), a publicación intelectual máis aberta ao pensamento europeo do século XX español. Elixido deputado ao proclamarse a república, exiliouse a partir de 1936 cando iniciase a guerra. Viviu en Francia, Holanda, Arxentina e Portugal. Regresou a España en 1945 en plena ditadura franquista. En 1948 fundou co seu discípulo, o prestixioso Julián Marías, o Instituto de Humanidades. Falece en 1955 de un infarto.

2.2.- O pensamento de Ortega

Ortega pasa por tres etapas ata chegar á parte máis madura do seu pensamento onde desenvolve a **razón vital**:

- Etapa obxectivista: coincide cos cursos de verán en Alemaña. Ortega é novo e recibe formación kantiana e de Husserl

- Etapa perspectivista: Ortega volve ao Estado Español coa intención de atacar e mellorar a grave situación política, económica e social. Dominado polo realismo Ortega pretende modernizar a filosofía española e poñela ao nivel da europea.

- Etapa raciovitalista: a etapa máis madura na que desenvolve a súa filosofía máis xenuína: a razón vital, que é unha crítica e un intento de superación tanto do racionalismo como do vitalismo.

2.3.- Crítica ao realismo e o idealismo

Ortega non está disposto a alinearse en ningún dos dous grandes bloques nos que se divide a historia do pensamento. **Crítica ao realismo**: crítica do pensamento que se inicia en Grecia e culmina en Descartes, que considera que o real son as cousas sen dar importancia ao suxeito cognoscente. **Crítica ao idealismo**: Descartes dá un xiro idealista ao dicir que as ideas son aportadas polo suxeito e non consecuencia das cousas, pero queda ancorado na idea de que tampouco poden existir as cousas sen suxeito (como se sae do *cogito?* = solipsismo).

2.4.- Crítica ao racionalismo

Ortega súmase á crítica de Hume, Nietzsche, Husserl e despois de Bergson, da **razón socrática**. É dicir: crítica a un coñecemento entendido como universal e permanente; a razón socrática reduce todo ao cuantitativo, ao número, ao estático, esquecéndose do cualitativo, do variado e diverso; en definitiva esquécese da vida. Esta razón define o universo moderno cartesiano que desbota todo o que non sexa materializable e cuantificable. Para o racionalismo o que define ao SH é a razón e esta razón é a dos conceptos fixos e incuestionables ao marxe da explosión e variedade da vida. O racionalismo no seu afán universalizante esquece a historia e aos homes concretos, e fala de cousas e seres atemporais que non son reais.

Pero a crítica da razón de Ortega non dá nun irracionalismo vitalista como o de Nietzsche ou no pesimismo de Schopenhauer, senón nunha nova proposta que é o **raciovitalismo**. Esta “reconciliación” entre a razón e a vida prodúcese a través da idea de **circunstancia** entendida

como o mundo que me rodea, o mundo no que vivo e que me constitúe tanto como eu a el. **“Eu son eu e máis as miñas circunstancias.”**

2.5.- A razón vital

A razón vital é un modelo de razón proposto por Ortega como superación da razón pura que se impuxo durante a Idade Moderna, que prometía o avance das ciencias e do coñecemento pero deixaba atrás as cousas concretas, os particulares e falaba duns supostos universais inexistentes.

O punto de partida foi o descubrimento da vida como realidade radical; vivir é o *cogito* do seu pensamento (a cousa máis simple da que non se pode dudar e dende onde arranca todo). A razón vital é o instrumento co que superar a subxectividade europea e o realismo inxenuo. Polo tanto, a persoa constitúese en ser por esta mesma subxectividade. Para el non hai prioridade do individuo sobre a realidade, senón unha interrelación do home ca realidade, isto quere dicir que non existe un “eu” separado do mundo real (eu e as miñas circunstancias). Con esta visión Ortega colócase entre o idealismo e o realismo: nin prioridade do eu nin prioridade dos acontecementos (non existen circunstancias sen un home que as viva pero tampouco existe un home abstracto fora das circunstancias concretas de cada un). En definitiva, nin as circunstancias soas nin o “eu” só, senón o quefacer do “eu” entre as cousas, ou sexa a vida.

Para entendela mellor Ortega sinala dous momentos da vida humana:

Vida individual

Cada persoa ten que decidir en cada instante o que vai facer, o que vai ser no seguinte. Esta decisión é intransferible: ninguén pode substituírnos na faena de decidir cada día da nosa vida. (J.P Sarte dicía: “obrigados a ser libres”). O decisivo, pois, no SH é o seu **proxecto vital** que labrará entre as cousas que o rodean e que son as súas **posibilidades** (non todas as posibilidades están activas). A esencia do SH é o **proxecto** de cada un, que non existe previamente senón que vaise debuxando entrementes vivimos cas nosas decisións.

Vida social

Pero a razón vital tamén ten unha vertente social. Vólvese **historia** porque o home mesmo é histórico, pois o que o home fai constitúe o compoñente esencial do que é e polo mesmo do que será. Por isto a vida humana ten unha dimensión social porque o home interactúa con outros homes, Esta é unha das contribucións máis importantes de Ortega á filosofía contemporánea.

2.6.- Transcendencia do seu pensamento

O pensamento de José Ortega tivo como consecuencias a crítica ao positivismo, o impulso do perspectivismo e a idea de que a realidade é radical. Influíu claramente en psicoloxía, e sobre todo en socioloxía e en teoría política: no seu pensamento podemos atopar a concepción do poder exercida dende o Estado, pero tamén –e aquí radica a novidade– cun significado moito máis amplo. Remite o poder ao ámbito do social ou da propia colectividade, sinalando que é a raíz a partir da cal xorde e a que se reduce calquera outra forma de poder que podemos atopar en sociedade. Por outro lado, en literatura exerceu unha notable influencia nos autores da xeración do 27. Entre as obras que máis influíron nestes escritores destacan *España*

invertebrada (1921) e *A deshumanización da arte* (1925) cuxas ideas e postulados serán asumidos pola devandita xeración.

3.- MARÍA ZAMBRANO

3.1.- Circunstancias vitais

Nace en Vélez-Málaga en 1904 e morre en Madrid en 1991. Filósofa e ensaísta, a súa extensa obra xira entre o compromiso cívico e o pensamento poético. Alumna de Ortega e pertencente a Escola de Madrid, nunca foi recoñecida a súa importancia. Ca ditadura marcha exiliada e non regresa ata 1984 con unha saúde moi deteriorada. Xa anciá, recibiu os dous máximos galardóns literarios concedidos polo Estado Español: o Premio Príncipe de Asturias en 1981 e o Premio Cervantes en 1988, sendo a primeira muller en recibilo.

3.2.- A razón-poética como método

Un método é un camiño, unha vía pola que se empeza a camiñar. O curioso aquí é que o descubrimento deste camiño que ela fai non é distinto da propia acción que ha de levar ao cumprimento de quen a realiza. O propio do SH é camiñar, abrir camiño, di Zambrano, porque ao facelo pon en exercicio o seu ser (influencia clara do seu mestre).

Pero o pensamento de Zambrano é moito máis poético, máis místico que o de Ortega. Pode dicirse que é un pensamento «oriental» no sentido que é un tipo de coñecemento que se orixina ao “oriente da Intelixencia” (antes de), alí onde a luz levántase. É unha filosofía máis primitiva (de antes do raciocinio occidental). Estamos no albor da conciencia, que non sempre ha de ser a da razón, pois a razón haberá de ser asistida polo corazón para que estea presente a persoa toda enteira. A percepción depende, efectivamente da presenza, e quen ha de estar presente é o suxeito, conciencia e vontade unidos.

A razón-poética, iníciase como un coñecemento auroral: visión poética, atención disposta á recepción. A atención vixiante xa non rexeita o que vén do espazo exterior, senón que permanece aberta, simplemente disposta. En estado nacente, a razón-poética é **reveladora das formas antes da palabra**. Despois, a razón actuará revelando; a palabra aplicarase no trazo dos símbolos e máis aló, onde o símbolo perde a súa consistencia mundana mantendo tan só o seu carácter de vínculo. Entón é cando a razón-poética darase plenamente, como acción metafórica, esencialmente creadora de realidades e ante todo da realidade primeira: a da propia persoa que actúa transcendéndose, perdéndose a si mesma e gañando o ser na devolución dos seus personaxes.

Razón, pois, pero razón sintética que non se inmoviliza en análise e deducións arborescentes. A este tipo de razón, Zambrano non dubidou en chamalo «método». A razón-poética, esencialmente metafórica, **achégase sen apenas forzar o paso, ao lugar onde a visión non está in-formada aínda por conceptos ou por xuízos**. Rítmicamente, a acción metafórica traza unha rede comprensiva que será o ámbito onde a razón constrúa.

3.3.- Clasificación

A obra de María Zambrano, ignorada durante gran parte da súa vida (por descoñecida, por difícil de clasificar e por ser dunha muller), foi recoñecida de modo progresivo e adscrita a diferentes grupos, tendencias e xeracións. A propia autora desmente na súa obra e na súa

correspondencia esa política cultural de bandos, consignas e agrupamentos. Intentouse clasificala na Xeración do 98, a do 27 e a do 36 (esta última pola idade e a amizade Miguel Hernández e Luis Cernuda); pero en realidade o seu pensamento non cadra con ningún de estes grupos.